

PONTEAREAS ACOLLE UN ENCONTRO INTERNACIONAL DE EXPERTOS EN MEDIO AMBIENTE E SAÚDE AUSPICIADO POR FRANCISCO PEÑAA CASTIÑEIRA, QUEN RECIBIRÁ O TÍTULO DE FILLO PREDILECTO DA LOCALIDADE

- Terá lugar o 27 e 28 de maio, e no mesmo daranse cita as personalidades máis destacadas no ámbito da sostibilidade, tanto en Galicia e España, coma no resto do mundo.
- O evento, no que participarán ao redor de 35 expertos, celebrarase no auditorio municipal “Reveriano Soutullo”, nutríndose con catro áreas temáticas nas que se abordarán, entre outras, cuestións tales como a saúde ambiental do planeta, cidades sostibles, a xestión dos recursos e os residuos, o modelo enerxético sostible e a loita contra a contaminación.
- Trala secuencia de exposicións, procederase á presentación do *Liber Amicorum*, publicación a través da cal amigos, compañeiros e coñecidos de Peña Castiñeira enxalzan a súa figura e legado para Galicia, procedendo a continuación á Cerimonia de entrega do título referenciado.

Cerceda, a 10 de maio de 2016.- No marco do Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2016, que dirixe o coñecido profesor e doutor Francisco Pena Castiñeira, a localidade pontevedresa de Ponteareas acollerá, o 27 e 28 de maio, coincidindo co Corpus 2016, Festa de interese turístico, un Encontro Internacional de Expertos en Medio Ambiente e Saúde no que se darán cita as personalidades máis destacadas no ámbito da sostenibilidade, tanto en Galicia e España, como no resto do mundo.

Con este evento preténdese establecer un foro de debate sobre a situación ambiental do planeta a nivel global, evidenciando os seus problemas e carencias máis relevantes, así como as posibles solucións a adoptar, e instar á cooperación internacional e <o diálogo entre todos os axentes implicados.

Ademais de todo isto, a xornada do día 27 será aproveitada para render homenaxe a Francisco Peña, que será nomeado oficialmente, nun acto solemne promovido polo concello, Fillo Predilecto de Ponteareas, recoñecendo as súas orixes, asentadas neste municipio, así como a súa exemplar traxectoria profesional e calidade humana.

ESTRUTURA

No transcurso do primeiro día, e tralo acto inaugural, abordaranse no auditorio municipal “Reveriano Soutullo” de Pontearreas, catro áreas temáticas nas que participarán ao redor de 35 expertos de alto nivel e recoñecido prestixio.

A primeira, que se identifica co título *“A saúde ambiental do planeta: de esperanza utópica a realidade tanxible, cando?”*, estará moderada polo Prof. Dr. Eleuterio Martínez, Catedrático da Universidade Autónoma de Santo Domingo, mentres que a segunda *“Cidades saudables e sostibles: aire limpo, modelo enerxético sostible, loita contra a contaminación e o cambio climático”*, desenvolverase baixo a coordinación de José Ignacio Elorrieta, Director Xeral de Medio Ambiente e Sostibilidade en Cementos Portland Valderrivas.

A terceira *“Sostibilidade dos recursos hídricos e xestión dos residuos”*, que moderará Aurelio Hernández Muñoz, Catedrático emérito de Enxeñaría Sanitaria e Ambiental da Universidade Politécnica de Madrid, contará coa participación de representantes de Sogama.

Pola súa banda, e baixo a dirección de Domingo Gómez Orea, Catedrático de Medio Ambiente, Ordenación Territorial e Planificación do Desenvolvemento Sostible da Universidade Politécnica de Madrid, darase paso á cuarta e última temática *“Xestión sostible dos recursos naturais como factor de desenvolvemento socioeconómico: posta en valor do patrimonio natural de Galicia”*.

LIBER AMICORUM E CERIMONIA SOLEMNE

Trala secuencia de exposicións, procederase á presentación do *Liber Amicorum*, publicación a través da cal amigos, compañeiros e coñecidos de Peña Castiñeira, enxalzan a súa figura e legado para Galicia.

O peche do Encontro virá da man de María Neira, Directora do Departamento de Saúde Pública da OMS, e Federico Mayor Zaragoza, actual Presidente do Consello Científico da Fundación Ramón Areces, constituíndo ámbolos dous senllos referentes mundiais no eido do medio ambiente e a sostibilidade.

Acto seguido, terá lugar a Cerimonia solemne de entrega do título de Fillo Predilecto de Pontearreas a Francisco Peña Castiñeira.

Durante a fin de semana, os asistentes a este Encontro poderán gozar dunha visita guiada polo patrimonio natural, cultural e histórico-artístico de Pontearreas e o Condado, participando igualmente en distintas saídas culturais e artísticas.

Para información adicional e inscricións: departamentocultura@pontearreas.es ; medioambiente@pontearreas.gal.



Saúdos, Departamento de Comunicación

Nota de prensa